

TAREFA 1: ``DESPEGANDO...AINDA QUE COS PES NA TERRA``



MESTRA: NEREA MOURIÑO REAL (PARELLA PEGÓXICA EN 2º DE EP)

ÁMBITOS DE APRENDIZAXE INCLUSIVO: ÁMBITO NATURAL E SOCIAL

CONTEXTO : 1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO: 2020/2021

1. IDENTIFICACIÓN

TAREFA: GUÍA PARA CREAR UN HORTO ECOLÓXICO

ETAPA	Primaria	NIVEL	1º e 2º
AREAS	CIENCIAS NATURAIS, CIENCIAS SOCIAIS, MATEMÁTICAS, LINGUA GALEGA	MESTRA	NEREA E MARIA JOSE

DESCRIPCIÓN DA TAREFA:

O PRODUTO FINAL RELEVANTE SERÁ UNHA GUÍA PRÁCTICA PARA COIDAR A TEU HORTO ECOLÓXICO.(a guía será internivel dende infantil ata primaria, distribuíndo o traballo segundo as capacidades do alumnado). En 1º e 2º de primaria traballaremos á parte da guía dedicada as sementes. Promocionarase a guía para que adquira a súa relevancia social real, enviándolle as familias o resultado a través das redes sociais do centro educativo. Ademais marcarase unha data concreta para a publicación da guía no propio centro. Enviaremos o resultado ao correo electrónico do concello de Tui ou outras asociacións da contorna.

XUSTIFICACIÓN DA TAREFA:

O horto escolar é o ecosistema terrestre mais próximo á nosa realidade polo que se partirá del para investigar acerca dos beneficios que pode obter o planeta terra a través dun horto ecolóxico.

CONTEXTO:

Ámbito de aprendizaxe ``NATURAL SOCIAL``

1. CONCRECIÓN CURRICULAR

ACTIVIDADES	INDICADOR AVALIACION 1	INDICADOR AVALIACION 2	INDICADOR AVALIACIÓN 3	INDICADOR AVALIACIÓN 4
1. VIDEO ÁMBITO MOTIVACIÓN . Abrimos a sesión cun Circulo no cal se lle preguntará ao alumnado sobre o horto escolar, de que se acordan etc. Posteriormente visualizaran un vídeo no cal se lles dará información da misión que terán que levar a cabo	LCB1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.	- LCB1.1.2. Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.		
2. Cubrir o panel SCRUM coa axuda da mestra	CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunicaos empregando diferentes soportes			
3. Sairán ao horto	LCB2.1.1. Le en voz	LCB2.3.3. Relaciona		

<p>en busca das pistas. Cada equipo terá unha imaxe dunha zona do horto á que debe dirixirse. Deberan de buscar e recoller un sobre que conterá unha palabra.</p>	<p>alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade</p>	<p>a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.</p>		
<p>4. Ao chegar o aula cada equipo fará a lectura do mensaxe que atoparon e logo os un/unha dos/as nenos/as de cada equipo dirá que palabra lles tocou. Posteriormente por equipos mediante a estrutura 1,2,4 deberán ordenar as palabras atopadas e formar unha frase que será a misión : <u>Coñecer como nace unha planta</u></p>	<p>LCB1.4.2. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.</p>	<p>LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.</p>	<p>LCB1.3.1. Participa activamente e con coherencia básica en diversas situacións de comunicación: - Diálogos - Exposicións orais seguindo un modelo, e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.</p>	<p>Ordenar a frase- LCB4.4.1. Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos.</p>
<p>5. En cada equipo mediante o folio xiratorio darán resposta a pregunta ¿Como nace unha planta?</p>	<p>LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos. I</p>	<p>LGB1.3.4. Participa no traballo en pequeno grupo.(Folio xiratorio)</p>		
<p>6. Un dos integrantes de cada equipo fará as apartacións do recollido. Completaran coa axuda da mestra o primeiro panel da rutina de</p>	<p>LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente .</p>	<p>CSB1.3.1.Elabora(con axuda) algúns mapas mentais(KWL) sinxelos</p>	<p>- LCB1.1.2. Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.</p>	

<p>pensamento kWL.. Circulo de peche de sesión.</p>				
<p>7. Circulo de comezo de sesión. O alumnado coa axuda da mestra cubrirá o panel SCRUM</p>	<p>CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunicaos empregando diferentes soportes</p>			
<p>8. En común visualizaran o vídeo A XERMINACIÓN. https://www.youtube.com/watch?v=HUKkF8jVYmY&t=59s</p>	<p>LCB1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social. INSTRUMENTO: Observación</p>			
<p>9. Por equipos mediante a dinámica de lapis ao centro e tras ver o vídeo deberan de responder as cuestións que aparecen en tres soportes. - Partes dunha planta - Que precisan as plantas para vivir - Secuenciar as imaxes do ciclo de vida das plantas.</p>	<p>CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes. (Soporte 1, 2, 3,)</p>	<p>CNB3.2.2. Rexistra e comunica de xeito oral e escrito os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.</p>	<p>LGB1.3.4. Participa no traballo en pequeno grupo (lapis ao centro)</p>	
<p>10. Cada neno/a dentro do seu equipo dirá as súas respostas e cubrirán no mesmo a terceira parte da rutina de pensamento KWL iniciada na sesión</p>	<p>LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.</p>	<p>LCB1.1.2. Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.</p>		

anterior. Circulo de remate de sesión.				
11. Circulo de inicio de sesión. Cubriran o panel SCRUM .	CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunícaos empregando diferentes soportes			
12. ¿Que sabemos das sementes? Os alumnos darán resposta a esta pregunta en equipos mediante o folio xiratorio .	LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos.	LGB1.3.4. Participa no traballo en pequeno grupo. (Folio xiratorio)		
13. Un dos integrantes de cada equipo comunicara aos compañeiros as ideas principais e cubrirán a rutina de pensamento KWL .	LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.	CSB1.3.1.Elabora(con axuda) algúns mapas mentais(KWL) sinxelos		
14. Investigaran sobre sementes. En equipo observaran un calendario de sementes e mediante a dinámica de lapis ao centro terán que <u>buscar a planta da que fala no soporte 4</u> seguindo as pistas.	CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes (Ficha 1 e 2)	LGB1.3.4. Participa no traballo en pequeno grupo. ``lapis ao centro ``		
15. Un dos integrantes de cada equipo compartirá a información recollida e logo en equipos cubrirán o	LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.	CSB1.3.1.Elabora(con axuda) algúns mapas mentais(KWL) sinxelos		

terceiro panel da rutina de pensamento KWL. ¿Que aprendemos?				
16. Circulo de fin de sesión. Revisión do panel SCRUM (Nota para casa: Axudar a atopar información sobre a menta	LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.	LCB1.1.2. Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.		
17. Circulo de inicio de sesión. Recordamos o do día anterior, trouxemos información da menta ? Cubrir o panel SCRUM coa axuda da mestra .	CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunícaos empregando diferentes soportes			
18. ¿Que sabemos da menta? <u>Sairán ao horto</u> a observar a planta e a volta por equipos <u>elaboraran un mural</u> onde se recolla o que coñecen da mesma revisando a <u>información aportada polas familias.</u>	CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes	LGB1.3.4. Participa no traballo en pequeno grupo.	CSB2.1.1.Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC. MURAL	
19. Posta en común por un dos integrantes de cada equipo comentará ideas principais que recolleron da planta	LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.	LCB1.1.2. Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.		
20. Mediante lapis ao centro terán	CSB1.1.2.Manifesta autonomía na	LGB1.7.1. Aмосa respecto ás ideas		

<p>que ordenar en equipos a secuencia de imaxes (soporte 5) para poder plantar a súa semente. Unha vez acordados os pasos a seguir cada neno/a plantará a súa semente e gravaremos un vídeo tutorial con código QR que formará parte da guía do horto ecolóxico.</p>	<p>planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.</p>	<p>dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo.</p>		
<p>21. Pechamos a sesión cun circulo no que repasaran coa axuda da mestra o que fixeron PANEL SCRUM. Continuaran coidando e seguindo o crecemento da súa semente no aula.</p>	<p>LGB1.7.1. Aмосa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo.</p>	<p>LCB1.1.2. Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.</p>		

2. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA

ACTIVIDADE	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
<p>1. Vídeo ámbito motivación . No vídeo daránselles unhas instrucións que deben de seguir para saber cal é a misión que deben de desenvolver</p>	<p>1. Abrimos a sesión cun Circulo no cal se lle preguntará ao alumnado sobre o horto escolar e se lles explicará o produto final que queremos conseguir co traballo do ámbito `` guía para elaborar un horto ecolóxico´´.</p>	<p>2. Ver vídeo e comprender a pregunta</p>		

<p>2. Cubrir o panel SCRUM coas súas achegas e a axuda do mestre/a. Presentación do plan de traballo</p>	<p>1. Pasos do Plan do traballo</p>	<p>2. Obxectivos.</p>	<p>3. Temporalización.</p>	
<p>3. Saída ao horto en busca de pistas. Cada equipo terá unha imaxe dunha zona do horto á que debe dirixirse. En tres puntos do horto haberá agochado un papel que cada equipo debe recoller que terá unha palabra-debuxo escrita.</p>	<p>1. Ler ou interpretar as instrucións da imaxe</p>	<p>2. Chegar ao lugar indicado na imaxe</p>	<p>3. Atopar o papel co mensaxe (palabra)</p>	
<p>4. Ao chegar á aula cada equipo falara entre eles (lectura compartida) da palabra que lles tocou e logo un portavoz de cada un dos equipos compartirá en alto a palabra. En común observaran as catro palabras e cada equipo deberá de ordenalas formando unha oración que será a misión: Coñecer como nace unha planta</p>	<p>1. Lectura compartida do mensaxe atopado</p>	<p>2. Un dos integrantes de cada equipo comentará a palabra que teñen.</p>	<p>3. En cada equipo deberán de xuntar as palabras impresas e ordenalas mediante a estrutura 12,4, para formar unha oración que é a misión. Coñecer como nace unha planta</p>	
<p>5. En cada equipo mediante o ``folio xiratorio`` darán resposta a pregunta ¿Como nace unha planta?</p>	<p>1. Pensar a pregunta</p>	<p>2. Responder compartindo cos seus compañeiros as ideas</p>		
<p>6. Posta en común en gran grupo polos portavoces das súas apartacións. Rutina</p>	<p>1. Expoñer aos compañeiros as súas ideas</p>	<p>2. Cubrimos coa axuda do/a mestre/a os dous primeiro cadros da</p>	<p>3. Círculo de fin de sesión e reflexión común</p>	

de pensamento KWL		rutina de pensamento		
7. Circulo de inicio de sesión. Cubrir o panel Scrum coas súas achegas e coa axuda do mestre/a. Presentación do plan de traballo	1. Pasos do plan de traballo	2. Obxectivos	3. Temporalización	
8. En común visualizaran o vídeo A XERMINACIÓN.	1. Ver vídeo e compréndelo			
9. Por equipos, lapis ao centro completaran - Partes dunha planta - Que precisan as sementes plantas para xerminar - Secuenciar as imaxes do ciclo de vida das plantas e recrear o mesmo con debuxos propios. Contarán con información (visual) na súa mesa para completar a tarefa	1. lapis ao centro. A mestra explicará as tarefas a realizar e os nenos/as de cada equipo deberan de poñerse de acordo en como realizala.	2. Buscar e seleccionar información en equipo	3. Dar resposta unha vez acordadas como se fan as tarefa ás mesmas individualmente. Soporte 1, soporte 2.	4. Colorear o soporte 2. Ciclo de vida dunha planta
10. Un dos integrantes de cada equipo ensinara aos compañeiros como realizaron as tarefas. Circulo de remate de sesión.	1. Expoñer aos compañeiros as súas ideas	2. Circulo de fin de sesión e reflexión común		
11. Circulo de inicio de sesión. Cubriran o panel Scrum coas súas achegas e a axuda do mestre/a.	1. Pasos do plan de traballo	2. Obxectivos	3. Temporalización	

<p>12. Pregunta: Que sabedes das sementes? Os alumnos darán resposta a esta pregunta en equipos mediante o folio xiratorio.</p>	<p>1. Pensar e comprender a pregunta</p>	<p>2. Compartir as ideas dentro do equipo</p>	<p>3. Dar resposta a pregunta mediante folio xiratorio</p>	
<p>13. Un dos integrantes de cada equipo comentará ao grupo as ideas principais que recolleron e cubrirán a rutina de pensamento KWL.</p>	<p>1. Posta en común por grupos polo portavoz das súas achegas</p>	<p>2. Cubrir rutina de pensamento KWL</p>		
<p>14. Investigar e atopar a planta á que se refiren as pistas que se dan no soporte 3 observando o calendario das sementes. (Dinámica lapis ao centro)</p>	<p>1. Repartir o traballo entre os membros do equipo</p>	<p>2. Poñer en común as ideas e comprender a tarefa</p>	<p>3. Buscar individualmente e seleccionar a información precisa</p>	<p>4. Reflexión en común dos resultados</p>
<p>15. Un dos integrantes de cada equipo compartira cos compañeiros os datos recolleitos . Cubrir o terceiro panel da rutina de pensamento KWL. Circulo de fin de sesión (Nota para casa: Axudar a atopar información sobre a menta, momento de sementar a propiedades, etc)</p>	<p>1. Posta en común da tarefa por medio dos portavoces</p>	<p>2. Cubrir o terceiro cadro da rutina de pensamento KWL 2.</p>	<p>3. Circulo de fin de sesión e reflexión sobre o aprendido</p>	<p>4. Tarefa para a casa: Atopar información da menta</p>
<p>16. Circulo de inicio de sesión. Pregunta ¿Que sabemos da menta? Cubrir o panel SCRUM coa axuda da</p>	<p>1. Comprender a pregunta</p>	<p>2. Pasos do plan de traballo</p>	<p>3. obxectivos</p>	<p>4. Temporalización</p>

mestra .				
17. O alumnado sairá ao horto a observar a planta e a volta por equipos elaboraran un mural onde se recolla o que coñecen da mesma revisando a información aportada polas familias.	1. Saída a horto para observar e identificar as características da planta	2. Posta en común en cada equipo da información que teñen da mesma	3. Revisión e selección dos datos aportados polas familias	4. Elaboración dun mural por equipos
18. Posta en común dos datos recolleitos polos portavoces. Cubrirán a terceira parte da rutina de pensamento KWL iniciada na sesión anterior.	1. Posta en común polos portavoces das ideas de cada equipo	2. Cubrir cos datos recollidos a terceira parte da rutina de pensamento		
19. Sementar unha semente. En equipo "lapis ao centro" deberán ordenar a secuencia de imaxes dos pasos para plantar. Gravaremos o proceso xerando un vídeo titorial que terá un código QR que formará parte da guía do horto ecolóxico.	1. Identificar e comprender e ordenar a secuencia de imaxes para sementar a menta	2. Sementar a semente (axudándose se é preciso ou coa axuda da mestra)	3. Vídeo titoría de como sementan con código QR	
20. Cubrir os cadernos de equipo e rematar cun circulo onde reflexionaran sobre todo o feito e como se sentiron etc	1. Cubrir por equipos os cadernos de traballo	2. Posta en común nun circulo de ideas, sentimentos	3. Compromisos para coidar e facer o seguimento da súa planta xa na aula.	

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS DIDÁCTICOS	TEMPORALIZACIÓN
1. Circulo de inicio de sesión e Vídeo motivación e cubrir o panel SCRUM	Aula	Gran grupo	Vídeo , panel Scrum	30 min

2. Saída ao horto en busca de pistas	Horto	Equipos		15 min
3. Identificación da pista (palabra) mediante lectura compartida.Os portavoces darán a coñecer ao resto do grupo a súa palabra. Ordenar as palabras atopadas por todos os equipos para formar unha frase que é a misión	Aula	Equipos	Papel con mensaxe	20 min
4. Como nace unha planta? Responder mediante folio xiratorio	Aula	Equipos	Folio xiratorio	20 min
5. Posta en común das ideas por un dos integrantes de cada equipo	Aula	Gran grupo		10 min
6. Cubrir os paneis da rutina de pensamento KWL	Aula	Equipos		15 min
7. Circulo de fin de sesión, revisión do panel SCRUM	Aula	Gran grupo	Panel Scrum	15 min
8. Circulo de inicio de sesión e cubrir o panel Scrum	Aula	Gran grupo	Panel Scrum	15 min
9. Visualización do vídeo ``A xerminación``	Aula	Gran grupo	Vídeo ``a xerminación``	10 min
10. Cubrir un BUBBLE MAPS e posta en común das ideas principais polos portavoces	Aula	Equipos	Bubble maps	25 min
11. <u>lapis ao centro</u> para dar resposta as fichas sobre as plantas. Soporte 1 e 2 . Busca de información complementaria	Aula	Equipo e individual	Soporte 1 e 2 (fichas das plantas), Información seleccionada para a súa revisión	30 min
12. Posta en común das tarefas das achegas por un/unha dos integrantes de cada equipos	Aula	Gran grupo		10 min

13. Cubrir rutina de pensamento iniciada na sesión anterior por equipos KWL.	Aula	Equipo	Rutina de pensamento KWL	10 min
14. Circulo de remate de sesión e revisión do panel Scrum	Aula	Gran grupo		20 min
15. Circulo de inicio de sesión e completar o panel SCRUM	Aula	Gran grupo	Panel Scrum	15 min
16. Que sabedes das sementes? O alumnado dará resposta mediante o folio xiratorio	Aula	Equipo	Folio xiratorio	20 min
17. Un dos integrantes de cada equipo porá en común as achegas recollidas	Aula	Gran grupo		10 min
18. Cubrir rutina de pensamento KWL	Aula	Equipo	Rutina de pensamento KWL	15 min
19. Investigan e recollen información no soporte 3 das sementes mediante ``lapis ao centro``	Aula	Equipo	Soporte 3. Información das sementes en papel.	30 min
20. Un/unha dos integrantes de cada equipo dará as achegas do mesmo e cubrirán o 3º panel da rutina de pensamento KWL	Aula	Gran grupo e equipo	Rutina de pensamento KWL	10 min
21. Circulo fin de sesión, revisión do panel Scrum, TAREFA PARA CASA: Busca de información da menta	Aula e continuidade no fogar	Gran grupo	Levan unha nota coa tarefa	20 min
22. Circulo de inicio de sesión. Cubrir o panel Scrum	Aula	Gran grupo	Panel Scrum	15 min
23. Que sabemos da menta?. Sairán ao horto e logo volverán o aula e farán un mural por equipos coa información aportada polas familias	Aula e horto	Gran grupo e pequeno grupo o mural	Información recolleita na casa	40 min
24. Posta en común das	Aula	Gran grupo		10 min

ideas e a tarefa por un dos integrantes do equipo				
25. Plantan unha semente. Sementeiro de menta e gravamos o proceso para xerar un vídeo titorial	Aula	Individual	Instrucións en secuencia de imaxes, terra, semente e sementeiro	30 min
26. Circulo de peche de sesión, revisión do panel SCRUM. Finalizamos a nosa tarefa.	Aula	Gran grupo	Panel Scrum	20 min

3. AVALIACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Alumnado Aprendizaxes-Habilidades-Actitudes	- Observación directa - Escala de estimación
Práctica docente	Lista de cotexo
Desenvolvemento da tarefa	Lista de cotexo

ALUMNADO APRENDIZAXES-HABILIDADES-ACTITUDES

ESCALA DE ESTIMACIÓN	1	2	3	4	5
Amosa disposición para ofrecer e recibir axuda					
Respecta as quendas de palabra					
Escoita e respecta as opinións dos demais					
Autoavalia o seu traballo e reflexiona sobre o proceso de aprendizaxe					
Asume as súas responsabilidades dentro do equipo					
Participa de xeito activo nas actividades de gran grupo					
Ten iniciativa na toma de decisións					
Realiza exposicións orais propias para a súa idade					
Emprega un vocabulario axeitado a súa idade nos intercambios orais					

PRÁCTICA DOCENTE

LISTA DE COTEXO	SI	NON
Deuse resposta as principais necesidades do alumnado		
Atendeuse a diversidade do alumnado (ritmos, intereses, habilidades, etc)		
Consegiuse un bo clima de traballo no aula		
Fomentouse a motivación do alumnado cara as actividades		
Mantívose unha colaboración e coordinación entre o profesorado implicado		

PLANIFICACIÓN E DESEÑO DA TAREFA

LISTA DE COTEXO	SI	NON
A tarefa está adaptada as características e necesidades do contexto real do aula e respecta a atención á diversidade		
As actividades deseñadas atópanse na ZDP do alumnado		
Os recursos proporcionados ao alumnado foron adecuados para realizar as tarefas con éxito		
Os obxectivos foron axeitados para poder ser acadados polo alumnado		
Acadáronse os principais obxectivos propostos		
Traballáronse os estándares de aprendizaxes seleccionados para á tarefa		
A avaliación integrouse como un elemento mais da aprendizaxe e non paralelo á mesma		
Os instrumentos de avaliación resultaron prácticos e eficaces		
Existe coherencia entre todos os elementos que compoñen a tarefa		
A temporalización prevista axustouse a realidade		
Recolléronse propostas de mellora		
A tarefa está axustada á normativa vixente e garda coherencia co PE de centro		